

DIAGNÓSTICO COMUNITARIO VITE

Decembro 2024



VITE_REDE

1. Elaborado por:

A. Dora Rútolo Brantuas, traballadora social da UTS Vite - PASS Vite – Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela.

Sandra M^a Ferreño García, educadora social do Servizo de Educación e Apoio Familiar- PASS VITE - Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela.

En colaboración con:

- PLAN COMUNITARIO DE VITE
- IES ARZOBISPO XELMÍREZ II
- CEIP VITE
- AAVV ALVARO CUNQUEIRO
- AMPA CEIP VITE
- AMPA XELMIREZ II
- CENTRO DE SAÚDE DE VITE
- CENTRO SOCIAL JOSÉ SARAMAGO, VITE





VITE_REDE

INDICE DE CONTIDOS

	<i>Páx.</i>
I.- Introducción.....	4
II.- Características xerais do barrio.....	7
II.1.- Ubicación.....	7
II.2.- Marco histórico.....	11
II.3.- Estudio da poboación	12
II.3.1.- Análise cuantitativo.....	12
II.3.2.-Análise cualitativo.....	21
II.4.- Vivenda e infraestructuras.....	22
II.5.- Servizos e entidades ubicados no barrio.....	24
II.5.1.-.Servizos e equipamentos.....	24
II.5.2.- Tecido asociativo ubicado no barrio.....	27
III.- Análise das necesidades do barrio.....	39
III.1.- Detección de necesidades por ámbitos.....	43
III.2.- Diagnóstico social	47
III.3.- Mapa de risco social	48
IV.- O Servizo de Educación e Apoio Familiar	50
V.- Actuacións Técnicas realizadas desde os Servizos Sociais Comunitarios....	54
VI.- Programa de intervención comunitaria: liñas de actuación	57



VITE_REDE

I.- Introducción

Consideramos importante realizar unha definición do termo comunidade, segundo Marco Marchioni (2002), posto que é un concepto que se vai a utilizar de forma continuada no desenvolvemento do traballo.

Por comunidade enténdese un territorio concreto cunha poboación determinada que dispón de determinados recursos con determinadas demandas e á súa vez, forma parte do conxunto de territorio, poboación, recursos e demandas.

Xa que se traballa nun país democrático, a dimensión da comunidade é o municipio, gobernado polo concello. Dentro dun traballo comunitario, existen tres protagonistas, os cales son: as administracións, os recursos, e a poboación, estes tres deben implicarse correctamente. En canto á participación, é o punto máis importante da causa xa que é necesario a participación de todos os protagonistas, cada un desde a súa perspectiva.

Por último, cabe destacar que o traballo comunitario non está ligado con poboación marxinal nin con certas comunidades territoriais, se non que se pode desenvolver un proceso comunitario en calquera tipo de comunidade con diferentes formas de traballo.

A comunidade como xa se nomeou anteriormente, enténdese como a agrupación dos catro factores da intervención comunitaria (territorio, poboación, demandas e recursos).

A continuación, realizarase unha descrición destes catro factores.

En primeiro lugar, explicaremos o territorio, que pode afectar de maneira positiva ou negativa nas vivencias da poboación por iso o profesional debe analízalo xa que existen diferentes barreiras; sociais, culturais, físicas... desta forma dáse inicio ao traballo comunitario utilizando instrumentos como o plano ou mapa da comunidade.

Con respecto á poboación, é importante coñecerla e a relacións que existen entre elas. Á súa vez, debemos coñecer as organizacións e asociacións existentes e aos seus encargados. En canto aos recursos, Marchioni divídeos en tres: públicos, privados e voluntarios que, á súa vez, poden actuar en diferentes ámbitos. Todos os recursos estarán incluídos no ficheiro comunitario.

Outro dos factores son as demandas, xa que son o punto de partida dun proceso comunitario e á súa vez van ligadas ás necesidades da comunidade.

A través deste diagnóstico os grupos comunitarios inician unha reflexión sobre os seus problemas, os seus recursos e as alternativas para mellorar a súa situación no futuro.



VITE_REDE

O diagnóstico comunitario participativo caracterízase por ser analítico, fai posible a análise das necesidades específicas e particulares de calquera sector da comunidade e permite revalorizar os elementos positivos que existen na mesma.

Trátase de traballar coas zonas vulnerables do devandito barrio, así como de contornas, grupos e persoas en situación de vulnerabilidade. Todo isto naceu como unha necesidade para resolver un problema de xestión e acabou convertendo nun proxecto conxunto e con moitos procesos a realizar, unha rede comunitaria no barrio de Vite: Vite-Rede. Ofrécense procesos de mellora da convivencia e de intervención comunitaria, deseño e xestión de procesos participativos, formación e desenvolvemento de actividades atendendo a necesidades detectadas.

OBXECTIVO XERAL Mellorar a calidade de vida e o benestar da veciñanza da zona de Vite, do Concello de Santiago de Compostela.

Os obxectivos específicos son:

- Detectar e analizar as necesidades e demandas, explícitas e implícitas, na zona de Vite
- Elaborar un plan de intervención comunitario acorde coas necesidades detectadas ou anticipadas no diagnóstico social.
- Identificar os grupos de poboación vulnerables
- Detectar situacións de risco social e ou vulnerabilidade social para o desenvolvemento de actuacións de carácter preventivo e de promoción social.

Durante o seu último ano, leváronse a cabo diferentes actuacións como; proxectos de intervención comunitaria, procesos participativos, e procesos de dinamización. En canto á metodoloxía de intervención nos plans comunitarios, demostrase a súa similitude coas fases habituais nos procesos de intervención socioeducativa doutros ámbitos sociais, que son:

1. Diagnóstico da realidade social, que identifica as necesidades e establece diferentes previsións, conceptualizadas en forma de cronogramas en función das alternativas a considerar.

2. Execución de programas, deseñados en función de obxectivos clave, recursos dispoñibles, articulación con outras accións e un calendario de desenvolvemento.

3. Avaliación de resultados, que nos permita comprender e valorar o acontecido, o consecución de obxectivos e a reformulación de propostas e intervencións que permitir a mellora e optimización dos programas, e a continuidade dos proceso de desenvolvemento comunitario.



VITE_REDE

O proceso metodolóxico de intervención no ámbito da comunidade pódese axustar ás seguintes fases:

Táboa nº 1: Metodoloxía.

FASES	TÉCNICAS
1.- Obtención da información.	<ul style="list-style-type: none"> • Contacto con institucións, servizos, movemento asociativo, etc..., da zona. Recopilación da información. • Contacto con personaxes clave, líderes comunitarios, etc... Recopilación de información.
2.- Procesamento da información – estudio necesidades sociais	<ul style="list-style-type: none"> • Análise do contido da documentación.
3.- Elaboración de diagnóstico social	<ul style="list-style-type: none"> • Síntese de problemáticas, necesidades sociais, etc ... • Análise de necesidades sociais implícitas e explícitas. • Análise das potencialidades. • Priorización. Criterios.
4.- Devolución de datos (Diagnóstico Social) ás persoas, servizos, etc ..., que participaron	<ul style="list-style-type: none"> • Devolución datos. • Contrastación. • Modificación, se é o caso.
5.- Deseño da intervención	<ul style="list-style-type: none"> • Deseño de programas e proxectos de actividades sociais (plazo inicial de 1 ano). • Implicación servizos, coordinación. • Orzamento
6.- Execución	<ul style="list-style-type: none"> • Transferencia á comunidade das unidades de planificación. • Integración dos profesionais en equipos comunitarios.
7.- Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> • Informes sobre os resultados acadados e as consecuencias dos mesmos na calidade de vida dos habitantes da zona. • Avaliación continua e final. • Avaliación de resultados.

O traballo en rede consiste nun traballo sistemático de colaboración e complementariedade entre os recursos dun determinado ámbito territorial. Vai máis alá do intercambio de información, xa que iso implica a articulación e participación dunha mesma comunidade de forma continuada, para responsabilizarse o cambio de si mesma.

Pódese dicir que o noso traballo baséase nunha intervención centrada na persoa, o seu contexto, que aborda de forma integral, que teña en conta a súa contorna e busque darlle o maior protagonismo no seu proceso de mellora, promovendo o maior grao de autonomía posible.




VITE_REDE

II.- Características xerais do barrio

II.1.- Ubicación

O ámbito territorial de actuación do traballo de Intervención Sociocomunitaria na area de influencia das Unidades de Traballo Social de Vite e Santiago Norte abrangue os barrios de Vite, Guadalupe, Salgueiriños e Meixonfrío, que forman parte da área de influencia da Unidade de Traballo Social 01 (Sinalada no mapa en vermello).



No ámbito territorial da UTS Vite residen 12.387 persoas, que equivale a dicir o 12,37 % da poboación de dereito de Santiago de Compostela. *

Poboación estranxeira; 9,81%

Persoas maiores que viven soas: 18,30%

Persoas menores de idade: 16.17%

Xoves: 7.72%

Persoas adultas: 52.97%


A presenza da comunidade xitana no barrio de Vite ascende a 310 persoas

*Datos padrón municipal de habitantes 2022



VITE_REDE

Imaxe: Zonas de actuacións Socio Comunitarias na area de influencia da Unidade de Traballo e Educación Social de Vite.



Fonte: elaboración propia

Dende este Punto de Atención desenvólvense varios programas e proxectos, sendo un deles o *Proxecto de Desenvolvemento Sociocomunitario na zona de Vite*.

Imaxe: Casa Asociacións Benestar Social (CABES)



Fonte: Elaboración propia



VITE_REDE

Unidade de Traballo e Educación Social de Vite.

Os Servizos Sociais Comunitarios Básicos Municipais, seguindo os principios de descentralización e desconcentración establecidos na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e co gallo de estar máis próximos á cidadanía, conta cun Punto de Atención de Servizos Sociais ubicado na Casa das Asociacións de Benestar Social, sita na Rúa Manuel María 6, en Salgueiriños. Trátase dun equipamento municipal dende o cal se atenden as Unidades de Traballo e Educación Social (U.T.E.S.) de zona de Vite (01),

UTES	ZONAS DA UTS	PERSONAL TÉCNICO PASS CABES	DIAS ATENCIÓN CON PREVIA CITA
01: Vite	1.- Polígono de Vite. 2.- Salgueiriños – Tambre 3.- A Pulleira. 4.- Meixonfrío. 5.- Os Vilares	1 TRABALLADORA SOCIAL 1 EDUCADORA SOCIAL	Martes, xoves e venres.

segundo se aprecia no seguinte cadro:

Fonte: Elaboración propia

O desenvolvemento comunitario establécese como unha acción sistemática e coordinada entre tódalas entidades públicas e de iniciativa social dun barrio ou zona, que, en resposta ás necesidades da poboación de referencia, trata de organizar o proceso evolutivo dunha comunidade territorialmente ben delimitadas e dunha poboación-obxectivo, coa participación activa dos interesados, dando cumprimento ao artigo 11 (apartados a, b, c e h)¹ da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia (DOG nº 245, de 18 de decembro de 2008).

¹ Son funcións propias dos Servizos Sociais Comunitarios básicos, entre outras, as seguintes:

a) O estudo e diagnóstico social da comunidade, que implica a detección e análise de necesidades e demandas, explícitas e implícitas, no seu ámbito de intervención.



VITE_REDE

II.2.- Marco histórico

O barrio de Vite está situado ao noroeste da cidade de Compostela, un espazo definido polos edificios administrativos da Xunta de Galicia por un lado e polo Campus Norte Universitario e o Auditorio de Galicia polo outro. O Barrio de Vite é un polígono de vivendas sociais, que xurde a finais dos 60 e medra durante a década dos 70, coa intención de acoller o crecemento da poboación na cidade.

Constrúese sen unha planificación urbanística clara nin unha dotación de servizos suficientes para a cantidade de poboación que ía albergar. Faltaban zonas de espallamento, locais comunitarios, as vivendas estaban sen rematar en moitos casos, o que motivou que a veciñanza tivérase que organizar para reclamar os seus dereitos.

Nos 90 o barrio contaba con 8000 habitantes, a maioría deles familias con tres ou catro fillos. Pero na actualidade o barrio sufriu un proceso de envellecemento e despoboamento, debido a que os fillos e fillas das primeiras familias que se instalaron no barrio fóronse a vivir a outras zonas da cidade.

Na actualidade dispón dos servizos básicos necesarios, de zonas verdes e de espazos para actividades deportivas.

O Barrio de Vite, que alcanza a súa denominación como tal na década do 80´do século pasado, é un polígono de vivendas sociais construídas entre finais dos anos 60´ e a década do 70´ para acoller o incremento poboacional que emigraba de zonas rurais ou doutras

b).- A elaboración dun plan de intervención comunitario acorde coas necesidades detectadas ou anticipadas no diagnóstico social.



VITE_REDE

zonas da Cidade de Santiago de Compostela. Atópase situado no noroeste da Cidade e o seu espazo é definido pola limitación entre a Avenida Castelao, os edificios administrativos do Goberno Autonómico de Galicia e o Campus Norte da Universidade de Santiago de Compostela.

Este polígono de vivendas sociais construíuse sen unha planificación adecuada: cun urbanismo agresivo, gran déficit de infraestruturas e equipamentos e con carencia de zonas de esparexemento e relación comunitaria. Respecto a as características poboacionais destacábase unha baixa cualificación profesional con significativos índices de analfabetismo, elevado desemprego e un masivo paro xuvenil mesturado con situacións de amoreamento en moitas vivendas. Nos primeiros anos a loita por vivendas dignas foi o nexo aglutinante da veciñanza nun movemento veciñal forte que, seguidamente, comeza a preocuparse doutro dos problemas do barrio como o era a delincuencia xuvenil e complexas situacións vinculadas ao consumo de substancias aditivas, especialmente heroína e cocaína. O que sucedeu no barrio é un transitar que foi desde a reivindicación de infraestruturas a pensar como abordar o social entre todos a través de solucións integrais e non exclusivamente represivas. Na actualidade O Barrio de Vite ten 5.000 habitantes aproximadamente, é destacable que en liñas xerais é unha poboación envellecida xa que o rango etario de 25 a 35 anos vaíse perdendo paulatinamente a partir da independización da familia nuclear. Respecto a os servizos con que conta destácanse: Centro Sociocultural, Centro de Saúde, Polideportivo Municipal, Gardería Infantil, Colexio de Ensino Primario, Instituto de Ensino Secundario, dous parques con pistas deportivas e un Centro Cívico Municipal. Estes aspectos dan conta da transformación radical do barrio e o orgullo que senten os seus veciños e veciñas de vivir alí, feito no que o Plan Sociocomunitario tivo un papel fundamental*.




VITE_REDE

II.3.- Estudio da poboación.

II.3.1.- Análise cuantitativo

No ámbito territorial da UTS Vite residen 12.387 persoas, que equivale a dicir o 12,37 % da poboación de dereito de Santiago de Compostela. Cabe indicar que a zona de Vite experimentou unha lixeira alza de poboación durante o ano 2023 con respecto ao ano anterior.

Gráfico nº 1: Comparativa da poboación de Vite co resto do termo municipal




Fonte: Información facilitada polo Padrón Municipal; datos traballados dende a UTES Vite, outubro, 2024. Última cifra sobre o total de poboación de Santiago de Compostela, publicada polo INE e correspondente ao ano 2023.



VITE_REDE

A UTES Vite consta dun importante volume poboacional que, practicamente, supera os 10.000 habitantes, sobre os 98.6872 que representan a totalidade das veciñas e veciños do municipio de Santiago de Compostela. Polo tanto, segundo se observa na gráfica que acompaña este parágrafo, a zona de Vite representa, a nivel poboacional, o 12,55 % de todo o termo municipal.

Gráfico nº 2: Distribución da poboación da zona de Vite pola variable idade



Fonte: Datos Memoria Servizos Sociais 2023..

O colectivo de menores supón o 15,69 % da poboación mentres que o de persoas maiores acada un 23,53 %, existindo unha diferenza entre ambos de mais de 8 puntos. Apreciase un avellentamento da poboación nos últimos anos, o que indica que non se garante o reemprazo xeracional nas vindeiras décadas.




VITE_REDE

Táboa nº 1: Distribución da poboación por colectivos de idade.

COLECTIVO	Nº	%
MENORES DE EDAD ³	1.944	15,69%
XOVES ⁴	818	6,60 %
ADULTOS ⁵	6.710	54,17%
PERSOAS MAIORES ⁶	2.915	23,53%
TOTAL	12387	100,0%

Fonte: Elaboración propia

Gráfico nº 3: Distribución da poboación da zona de Vite pola variable sexo.



Fonte: Memoria Servizos Sociais 2023.

³ O concepto de menor de idade é un concepto xurídico relativo. Menor de idade é a persoa que non alcanzou a maioría de idade, entendendo ésta desde o Dereito como o momento da incorporación das persoas á plenitude da vida xurídica con plena capacidade de obrar nos campos civil-administrativo, político, laboral e penal. Dentro desta vida xurídica nos atopamos cunha dobre dimensión deste concepto, por unha parte a Constitución Española no art. 12 di «Os españois son maiores de idade aos 18 anos». Tamén no Código Civil, o art. 315 di «A maioría de idade comenza aos 18 anos cumpridos».

⁴ No documento que se está a elaborar vaise séguese o establecido pola Organización Mundial da Saúde considerando como “xuventude plena” o periodo temporal comprendido entre os 19 e os 29 anos.

⁵ Etapa da vida comprendida entre os 30 e os 64 anos de idade.

⁶ A terceira idade comenza, sociolóxicamente, aos 65 anos de idade.




VITE_REDE

Táboa nº 2: Desglose da poboación residente en Vite por sexo.

	HOMES			MULLERES			TOTALS	
	Nº	% V	% H	Nº	% V	% H	Nº	% V
TOTAL	5.802	100%	46,84%	6.585	100%	53,16%	12.387	100%

Fonte: Memoria de Servizos Sociais 2023.

Gráfico nº 4: Distribución da poboación de Vite por colectivos



Fonte: Memoria Servizos Sociais 2023.

Dos datos desglosados destaca a porcentaxe de poboación maior residente na zona; estase a falar que o 23,53 % da veciñanza ten unha idade igual ou superior aos 65 anos, indicio do avellentamento da poboación da zona. Evidénciase unha vez mais o importante envellecemento poboacional que afecta á zona de Vite e que vai en consonancia coa realidade social do termo municipal de Santiago de Compostela e co resto da comunidade autónoma galega.




VITE_REDE

Táboa nº 3: Distribución poboación maior de 65 anos residente na zona da UTES Vite, pola variable VIVIR SÓAS

PERSONAS	Nº	%
POBOACIÓN DA UTES	12.387	100 %
PERSONAS MAIORES EMPADROADAS	2.915	23,53%
PERSONAS MAIORES QUE VIVEN SOAS	518	4,18 %


Fonte: Memoria Servizos Sociais 2023.

Gráfico nº 5: Comparativa das persoas maiores que residen soas en comparación co resto dos habitantes da zona de Vite



Fonte: Información extraída da Memoria de Servizos Sociais 2023; datos traballados dende a UTES Vite, outubro 2024.

Gráfico nº 6: Comparativa das persoas maiores que residen soas con datos das persoas maiores da zona.



Fonte: Información extraída da Memoria de Servizos Sociais 2023; datos traballados dende a UTES Vite, outubro 2024.



VITE_REDE

O número de persoas maiores que residen soas: 518 e representan o 4,18 % da poboación total da zona de Vite. Nembargantes é importante a sinalar que das persoas maiores de 65 anos empadroadas na zona, o 17,77 % son persoas maiores que residen soas. Este dato fundamenta a creación do Proxecto de acompañamento a persoas maiores que viven soas que se está a implementar na zona, en colaboración co Plan Comunitario de Vite ea entidade ASDEGAL co que se pretende mellorar a calidade de vida das persoas destinatarias a través do acompañamento, de persoas voluntarias, en tarefas como: ir a comprar, ir ao médico, pasear, ir a actividades, etc., permitindo a súa mellor inclusión na vida comunitaria e un maior coñecemento das súas necesidades.

Táboa nº 4: *Distribución das persoas estranxeiras con respecto á poboación total da Zona Vite*

Poboación	Nº	%
Total poboación zona Vite	12.387	100,0%
Total poboación estranxeira	725	5,85%


Fonte: Información extraída da Memoria de Servizos Sociais 2023; datos traballados dende a UTES Vite, outubro 2024.

Trátase, principalmente, de familias estranxeiras, solicitantes de medidas de protección internacional, que chegan á cidade en situacións de pobreza absoluta e carentes de aloxamento, moitas delas, con menores a cargo. Este aumento de familias inmigrantes na zona fundamentou a creación, o pasado ano 2023 do Proxecto de Acceso a Recursos para Inmigrantes, dentro do Proxecto de Desenvolvemento Sociocomunitario na zona de Vite que se realiza na zona (Vite-Rede) a fin de guiar as persoas inmigrantes no acceso aos recursos sociais da zona, explicando detalladamente os diferentes procedementos que deben seguir para o acceso a prestacións económicas, alimentos, tramitar a tarxeta sanitaria, abrir unha conta bancaria ou os diferentes recursos municipais aos que poden acceder.



VITE_REDE

Gráfico nº 7: Comparativa das persoas estranxeiras coa restante poboación de Vite



Actualmente, a zona Vite, está a recibir unha cantidade importante de familias procedentes do estranxeiro, o que está a converter a zona nun un mosaico de realidades sociais coas súas propias peculiaridades; estase a falar da existencia dunha diversidade cultural e étnica en alza. O colectivo de persoas estranxeiras representa o 5,85 % da poboación residente na zona, e, segundo se aprecia dende os Servizos Sociais comunitarios básicos, a chegada de familias procedentes de países en conflito vai en aumento.

Fonte: Información extraída da Memoria de Servizos Sociais 2023; datos traballados dende a UTES Vite, outubro 2024.

Na análise social da Unidade de Traballo e educación social de Vite, pertencente ao Departamento municipal de Servizos Sociais é importante analizar o número de persoas pertencentes ao pobo xitano :

Táboa nº 5: Distribución da poboación pertencente ao Pobo Xitano con respecto á poboación total da Zona Vite

Poboación	Nº	%
Total poboación zona Vite	12.387	100,0%
Total poboación pobo xitano	310	2,50%

Fonte: Información extraída da Memoria de Servizos Sociais 2023; datos traballados dende a UTES Vite, novembro 2024.




VITE_REDE

Táboa nº 6: Distribución da poboación pertencente ao Pobo Xitano con respecto á poboación do pobo xitano con domicilio en Santiago de Compostela

Poboación pobo xitano	Nº	%
Total poboación pobo xitano en Santiago de Compostela	922	100,0%
Total poboación pobo xitano en Vite	310	33,62%

Fonte: Información extraída da Memoria de Servizos Sociais 2023; datos traballados dende a UTES Vite, novembro 2024

Gráfico nº 8: Comparativa da poboación pertencente ao Pobo Xitano con respecto á poboación do pobo xitano con domicilio en Santiago de Compostela



Fonte: Información extraída da Memoria de Servizos Sociais 2023; datos traballados dende a UTES Vite, novembro 2024

A procedencia xeográfica tamén se converte nunha “*diferencia*” entre as familias xitanas residentes en Vite: galegos, zamoranos, portuguesas, etc. Ademais dos lugares de orixe, existen outra serie de particularidades como poden ser os liñaxes presentes dentro das familias que fai que este grupo se faga moito mais diverso (un mesmo apelido non significa que pertenza ao mesmo tronco familiar).



VITE_REDE

A poboación xitana residente na area de influencia de UTES Vite experimentou nas últimas décadas un aumento, feito relacionado coa adxudicación de novas vivendas de promoción pública nas zonas de Meixonfrío e Salgueiriños. Na actualidade, representa un peso do 2,5 % con respecto ao total poboacional da UTES Vite.

Táboa nº 7: Distribución da poboación pertencente ao Pobo Xitano na zona de Vite con respecto á poboación total da zona

Poboación	Nº	%
Total poboación zona Vite	12.387	100,0%
Total poboación pobo xitano	310	2,50%

Fonte: Elaboración propia, novembro 2024

II.3.2.- Análise cualitativo

No ámbito territorial da UTS Vite residen 12.387 persoas, que equivale a dicir o 12,37 % da poboación de dereito de Santiago de Compostela. Cabe indicar que experimentou unha lixeira alza de poboación nos últimos anos.

Trátase dun barrio envellecido, con tendencia a selo mais, no que o 23,53 % da súa poboación ten unha idade igual ou superior aos 65 anos; sen embargo, si este dato se analiza con respecto á totalidade da poboación de dereito do municipio, a porcentaxe de persoas maiores ascende ao 2,91 % da totalidade dos habitantes en Santiago de Compostela. Non obstante, si a perspectiva é outra, podemos indicar que o 12,20 % da poboación maior de Compostela ten fixada a súa residencia nesta zona territorial. Aínda que sexa un barrio envellecido, ao mesmo tempo, se pode dicir que é unha das zonas de Santiago de Compostela onde mais menores de idade residen, que representan o 15,69 % da súa propia poboación e o 1,94 % con respecto á totalidade das veciñas e veciños de Santiago de Compostela. Isto está influenciado polo número de familias que se incorporaron a esta zona nas recentes vivendas de promoción pública (Manuel María, Salgueiriños de Abaixo, Salgueiriños de Arriba). Existe un contraste neste ámbito territorial, mais



VITE_REDE

envellecido no polígono de Vite. A Poboación mais nova esta situada nas vivendas situadas en Manuel María, de aí ese contraste poboacional.

Importante presenza de familias pertencentes á etnia xitana: 310 persoas, que equivale a dicir o 33,62 % das persoas xitanas con residencia en Santiago de Compostela.

Hábitat concentrado. Importante dotación de vivendas de promoción pública. Dotado de equipamentos e servizos básicos. Boas comunicacións.

Un número moi importante de persoas residentes neste ámbito territorial teñen aberto expediente social básico no Departamento municipal de Servizos Sociais; o aplicativo XIESS indica que 2.386 persoas desta zona foron usuarias dos Servizos Sociais ao longo do ano 2023, o que equivale a dicir o 19,26 % dos seus habitantes.

II.4.- Vivenda, infraestruturas e equipamentos

Imaxe: Polígono de Vivendas sociais de Vite



Fonte: Guía Vite 2016

O Polígono de Vite é un exemplo clásico das promocións de vivenda pública da década de 1960-70: nas proximidades da cidade pero distinta ao seu contorno máis inmediato –neste



VITE_REDE

caso a aldea de Guadalupe—. Seguindo os principios da arquitectura promulgada por Le Corbusier, representa un espazo urbano que busca o contacto coa natureza: bloques máis ou menos altos con grandes zonas verdes; rúas ordenadas cunha vía principal e outras secundarias (residenciais e tranquilas) para servizo da veciñanza; e servizos comunitarios que farían do barrio unha pequena cidade en si mesma.**

O actual barrio de Vite sitúase na zona norte da cidade de Santiago de Compostela e xorde como unha peza planificada a través do Plan Parcial do Polígono de Vite redactado en 1968 e aprobado en 1969. A área delimitada constitúe un sector homoxéneo cunha serie de características tipolóxicas, morfolóxicas e estruturais que lle confiren racionalidade interna e idiosincrasia propia no conxunto da cidade.

Son vivendas de promoción pública construídas nos anos 70 e 80 con tipoloxía de edificación aberta en bloques. Atópase actualmente nunha zona de cuidada urbanización, con espazos verdes e zonas libres de gran riqueza e dimensión e próxima a áreas cunha importante actividade administrativa e docente. Esta área foi declarada o 15 de febreiro de 2016 e conta co seu ámbito delimitado con 1.263 vivendas, en edificios de tipoloxía residencial colectiva.**Fonte: Instituto Geográfico Nacional de España - Xunta de Galicia.

Meixonfrío é un lugar da parroquia de San Caetano no concello coruñés de Santiago de Compostela, na comarca de Santiago. Está situado no norte da cidade, entre Os Vilares, o Polígono industrial do Tambre, o cemiterio de Boisaca e a estrada N-550. Nas últimas décadas experimentou un importante crecemento urbanístico, coas inauguracións dos polígonos de vivendas en 2006 (314 vivendas), en 2007 (170 vivendas) e no ano 2009 (54 vivendas) de promoción pública en salgueiriños.

A incorporación a esta zona das vivendas de promoción pública trae á zona un importante número de familias con menores a cargo, que fan das rúas Manuel María, Salgueiriños de Abaixo, e Salgueiriños de Arriba unha das zonas de Santiago de Compostela onde mais



VITE_REDE

menores de idade residen. De tal xeito que os menores representan o 15,69 % da súa propia poboación e o 1,94 % con respecto á totalidade das veciñas e veciños de Santiago de Compostela.

Un dato curioso xurde ao respecto: o número de menores residentes é superior á media xeral (un 15,69% fronte a un 15,33 %); isto está relacionado co feito de que parellas novas do barrio constituíron núcleos familiares noutras zonas da cidade, especialmente en Meixonfrío e Salgueiriños, feito ao que contribuía a convocatoria de vivendas públicas, ás que puideron acceder, independizándose das súas familias de orixe.

II.5.- Servizos e entidades ubicados no barrio

II.5.1.Servizos

CENTRO SOCIAOCULTURAL DE VITE

Un equipamento de uso comunitario, de titularidade municipal, onde se organizan actividades que pretenden fomentar a convivencia dos veciños e veciñas a través de programas de ocio (deportes, cine, teatro, excursións, exposicións), sociais (bibliotecas, cursos de alfabetización de adultos...) e de aprendizaxe (obradoiros de manualidades, astronomía, xardinería, ioga...). Están abertos á participación de toda a veciñanza.

Ofrece:

- .-Actividades culturais, de saúde e tempo libre* (cursos, talleres sobre distintas prácticas artísticas: manualidades, pintura, música, debuxo.
- .-Exposicións e exhibicións* de pequeno formato.
- .-Representacións teatrais, música coral, electrónica.*
- .-Visitas culturais.*
- .-Charlas, conferencias:* saúde, alimentación, vida saudable.
- .-Obradoiros de relaxación:* pilates, ioga.
- .-Obradoiro de movemento:* bailes de salón, bailes modernos, xerontoximnasia



VITE_REDE

Pódese atopar:

.-Espazos para xuntanzas de entidades(previa petición, o edificio dispón dun salón de actos para 200 persoas, e varias salas de usos múltiples para grupos de 15 a 30 persoas)

.-Espazos para exposicións

.-Espazos de lectura (ofrece apoio escolar, préstamo de libros, consulta, espazo para o estudio, prensa e revistas, wifi.)

-Xogo infantil, espazo para nenos e nenas, con moitas actividades diferentes, espazo para divertirse e facer amizades.

-Aula informática: obradoiros de TIC, aula libre para consulta, titorías.

-Espazo de encontro: espazo de uso libre adicado ao lecer, para toda persoa, onde se pode falar, xogar con xogos de mesa, ler a prensa...

UNIDADE DE TRABALLO E EDUCACIÓN SOCIAL VITE

Servizo público, pertencente á Área de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela, que constitúe a canle de acceso ao sistema de Servizos Sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas e/ou familias e de desenvolvemento comunitario.

Ofrece:

-Estudo, diagnóstico e programación comunitaria.

-Atención a persoas e/ou familias, información. Valoración técnica e a consecuente intervención social.

Podemos atopar:

-Programa de valoración, orientación e intervención social. Executase, por áreas, a información, tramitación e intervención.

Familia, infancia e mocidade:

-Acollida de menores.

-Centro de día de menores.

-Garda de menores.

-Prestación económica de pago único por fillo/a menor a cargo.



VITE_REDE

- Título de familia numerosa.
- Intervención con menores en situación de risco social.

Maiores e/ou persoas con estado de saúde deficitario:

- Recoñecemento do grao de discapacidade.
- Recoñecemento da situación de dependencia, coa mobilización dos recursos que correspondan.

PAVILLÓN MUNICIPAL DEPORTIVO

Un espazo municipal para a realización de actividades deportivas.

Ofrece:

Cesión de espazos para actividades deportivas e coordinación das mesmas.

Podemos atopar:

Actividades que se practican.

Fútbol sala, hóckey a patines, patinaxe e baloncesto.

Categoría das competicións:

-Fútbol sala: 1º autonómica feminina, provincial feminina, liga local en categorías benxamín, alevín, infantil, cadete, xuvenil e sénior masculino e feminino.

-Hóckey a patines: 2º división autonómica sénior, competición na liga xuvenil, infantil, cadete, alevín, benxamín e prebenxamín.

-Baloncesto: campionato escolar de minibásquet.

-Patinaxe: campionatos locais, provinciais e galegos.

-Outras competicións.

Nesta instalacións poden celebrarse campionatos de España e galegos en diversas modalidades, fases provinciais de fútbol sala de deporte escolar e do torneo Liceo La Paz.

II.5.2.- Tecido asociativo ubicado no barrio

ASOCIACIÓN AGADEA



VITE_REDE

É unha asociación se ánimo de lucro, constituída en 1994 por un grupo de familiares de persoas enfermas de Alzheimer para buscar xuntos respostas, compromisos, apoios e recursos necesarios para coidar mellor, e con menos dificultades, as súas persoas enfermas.

Ofrece:

Prestar asistencia psicolóxica e moral aos familiares das persoas enfermas de Alzheimer e outras demencias, en materias legais, sociolóxicas e económicas.

Proporcionar e difundir nos medios de comunicación todo o que se faga referencia ao posible diagnóstico da enfermidade e terapia da mesma, co obxecto de facilitar a asistencia adecuada.

Facilitar, mellorar e controlar a asistencia aos enfermos e enfermas para incrementar a súa calidade de vida o máximo posible.

Estimular os estudos sobre a incidencia, evolución terapéutica e posible etiología da enfermidade.

Instar aos diversos estamentos públicos a prestar unha maior atención as persoas enfermas de Alzheimer así coma aos seus cuidadores e cuidadoras e familiares.

Manter os contactos axeitados con entidades e asociacións adicadas ao estudo da enfermidade, dentro e fora de España, co propósito de estar ao día nos avances científicos que se produzan nesta materia, e así poder informar aos familiares.

Podemos atopar:

.Programas de intervención coas persoas enfermas de Alzheimer e outras demencias.

- Programa de estimulación cognitiva.
- Programa de estimulación funcional.
- Programa de actividades lúdicas e saídas culturais.
- Programa de relacións interxeracionais.

Programa de intervención coas familias:

- Programa de acollida, apoio psicosocial e orientación sobre axudas.
- Apoio legal.



VITE_REDE

-Programa de axudas técnicas.

-Grupo de axuda mutua.

Programa de intervención comunitario.

-Programa de formación.

-Campañas de sensibilización.

-Taller de envellecemento activo.

-Programa de voluntariado.

-Programa de prácticas.

-Servicio de transporte adaptado.

ASOCIACION DE VECIÑOS POLÍGONO DE VITE

Unha asociación veciñal que traballa por e para o barrio de Vite.

Ofrece:

Traballar para conseguir un barrio máis habitable e saudable, promovendo:

-A mellora urbanística e proxectos de futuro.

-A tutela do Plan comunitario.

-Actividades de dinamización social e cultural.

-Asesoramento veciñal.

Podemos atopar:

Unha veciñanza preocupada polo barrio e interesada no asesoramento e a implicación dos seus veciños e veciñas nas dinámicas de participación e o desenvolvemento de proxectos para o futuro dos mesmos.

ASOCIACIÓN MULLERES A LAGOA

Unha asociación de mulleres sen ánimo de lucro nacida no barrio de Vite.

Ofrece:

Atender as necesidades das mulleres a través de:

-Distintas actividades lúdicas e sociais.

-Manualidades, corte e confección

-Organización de exposicións dos propios traballos.



VITE_REDE

- Visitas a distintos espazos de Compostela.
- Charlas e debates sobre a situación das mulleres no barrio.

Podemos atopar:

Un grupo de mulleres con intereses diversos e que hoxe conflúen na necesidade de ver medrar o seu barrio como un lugar seguro para as mulleres.

ESPAZO ABERTO GALIZA

Unha entidade sen ánimo de lucro, de tempo libre, prestadora de servizos á mocidade, adicada a promoción da educación en valores e a educación intercultural a través do tempo libre.

Ofrece:

Desenvolvemos e organizamos encontros interculturais para a mocidade.
Campamentos de Verán, primavera e inverno para cativos e cativas a partires dos 6 anos e ate 17 anos.

Podemos atopar:

Un grupo de monitoras e monitores que traballan no eido do tempo libre e a educación intercultural e en valores, educación para a paz e a cooperación, que desenvolven o seu traballo en toda Galiza, e en Compostela dende abril de 1995.

IGAXES3

Somos unha organización non lucrativa que promove a cidadanía activa das persoas en dificultade social mediante o empoderamento e a participación.

Ofrece:

Especialistas no apoio a independencia da mocidade e risco de exclusión. Cada persoa moza é protagonista e nos acompañámola no seu camiño de cambio cara a autonomía persoal e cara a vida plena, libre e activa.

Podemos atopar:

Atención integral aos mozos e mozas para previr situacións de exclusión entre a poboación xuvenil. Traballamos individualmente con cada persoa moza, detectando primeiro os factores de risco que podida haber na súa vida (fracaso escolar, problemática familiar, falta de redes de apoio...) e logo deseñando con ela todo un itinerario educativo, cultural, deportivo e social axeitado para o seu desenvolvemento e integración.



VITE_REDE

Neste proceso é esencial a orientación cara ao emprego e a formación laboral. Por iso apoiamos a mozos e mozas que procuran traballo para estimular as súas capacidades persoais e fortalecer as súas vías de conexión no mercado laboral. Contamos cun programa que abrangue unha fase inicial de acollida e orientación, un plan de busca activa de emprego e formación e máis un período posterior de seguimento.

FUNDACION SECRETARIADO XITANO

Ofrece:

Promover o acceso das persoas xitanas aos dereitos, servizos, bens e recursos, con igualdade de condicións co resto dos cidadáns. Para iso a FSG desenvolve todo tipo de accións que:

- Contribúan a alcanzar a plena cidadanía das persoas xitanas.
- Melloren as súas condicións de vida, promovan a igualdade de trato e eviten toda forma de discriminación.
- Promovan o recoñecemento da súa identidade cultural.

Podemos atopar:

- Programa para acceder. Formación e emprego. A partir dos 16 anos.

Para a promoción do acceso da poboación xitana a un emprego de calidade, desenvolvendo accións nos eidos do emprego socio laboral, da formación e do emprego. Itinerarios individualizados de inserción laboral + accións para a mellora das cualificacións profesionais+accións de mediación laboral con empresas para a incorporación a postos de traballo= máis oportunidades de emprego para as persoas xitanas.

Encontrarás a profesionais de orientación laboral, mediación e prospección con empresas que te axudarán a conseguir o teu obxectivo.

-Programa Promociona e Programa Pre Promociona Educación. Para que cada vez máis nenos e nenas xitanas acaden o título da ESO e continúen con estudos pos obrigatorios. O programa Promociona diríxese a alumnado de 5º e 6º de educación primaria e todos os cursos da ESO. O programa Pre-Promociona diríxese a alumnado de 3º e 4º de primaria. Traballase con diferentes axentes que participan no proceso educativo do/a menor: o propio alumnado, as familias, os centros educativos e outros axentes educativos e sociais. Ademais de realizar un seguimento do proceso educativo de cada alumno/a través das titorías individualizadas, entrevistas familiares e sesión grupais, realizase apoio académico nas súas aulas, promociona e pre-promociona.

Profesionais de orientación educativa, mediación e mestras das aulas de reforzo educativo que guiarán todo o proceso.

Programa Cali. Pola igualdade das mulleres xitanas.



VITE_REDE

Para empoderar as mulleres xitanas, plurais e diversas, para garantir o exercicio dos seus dereitos e a defensa dos mesmos. Un programa que busca, en definitiva, a plena cidadanía. Unha das principais novidades reside no seu enfoque integral, abordando as necesidades das mulleres xitanas dende unha perspectiva multidimensional (persoal, social, laboral) e orientada a promover a igualdade (igualdade de oportunidades, igualdade de xénero e igualdade de trato.)

Os tres grandes obxectivos son: promover a igualdade de oportunidades para a inclusión social e o acceso ao mercado de traballo a través de itinerarios socio-laborais personalizados, promover a igualdade de xénero entre mulleres e homes, rompendo barreiras culturais, incorporando a corresponsabilidade, e sensibilizando sobre a violencia de xénero, e promover a igualdade de trato, loitando contra toda forma de discriminación e asistindo ás vítimas.

Encontrarás a profesionais de Igualdade e mediación.

Servizo Ecotur: servizo profesional de azafatas de congresos, dispoñen dunha bolsa de emprego de profesionais formados/as para desempeñar as tarefas de auxiliar de congresos, promocións, entrega de premios ... etc.

ACPP

Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) é unha ONGD, asociación sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública e fundada en decembro de 1990. Conta con 15 delegacións en todo o territorio do Estado español e con delegacións estables no exterior en : El Salvador, na República Dominicana, Haití, Tunisia, Marrocos, Mauritania, Guinea Bissau, Senegal e Palestina.

Ofrece:

- Fomentar a paz, a solidariedade e os dereitos humanos en todo o mundo.
 - Axudar ao estudo, investigación e promoción da cooperación internacional.
- Prestarlles asistencia económica, cultural, social, educativa, medioambiental, sanitaria e humanitaria aos colectivos étnicos ou sociais que a soliciten en calquera parte do mundo.
- Prestarlles asistencia cultural, social ou económica aos exiliados e inmigrantes residentes en España.
 - Impulsar programas socioculturais destinados a promover a igualdade efectiva entre homes e mulleres.

Podes atopar:

Para poder acadar o cumprimento destes fins deseñamos proxectos concretos e prestamos todo tipo de axuda que contribúa ao desenvolvemento. O traballo da ACPP aséntase en tres liñas:



VITE_REDE

-Cooperación ao desenvolvemento

Neste ámbito, a ACPP está traballando en América Central (Guatemala, Honduras, O Salvador e Nicaragua), Caribe (República Dominicana, Cuba e Haití), América do Sur (Colombia), Oriente Medio (Palestina e Israel), Magreb (Marrocos e Tunisia) e Africa Subsahariana (Senegal, Guinea, Bissau, Mauritania, Nixer e Malí). Os sectores fundamentais de actuación en cooperación ao desenvolvemento son: servizos básicos (educación, saúde, redes de canalización e de sistemas de saneamento, etc) programas produtivos e de axuda de emerxencia.

A principal poboación destinataria dos nosos programas son: mulleres, infancia, persoas con discapacidade, poboación rural en xeral e comunidades indíxenas.

-Intervención social

Encadra o traballo da ACPP en educación (educación formal, investigación, mobilización e redes), inmigración e sensibilización.

Na súa liña educativa, a Asemblea de Cooperación pola Paz afronta a realización de traballos e estudos orientados ao apoio e desenvolvemento das actividades de educación pola paz, fomentar a tolerancia e solidariedade, e ao mesmo tempo combater o racismo e a xenofobia.

Na área de inmigración, a liña de traballo está focalizada na promoción de interculturalidade e na integración da poboación inmigrante na vida asociativa das cidades e especialmente dos barrios.

En materia de sensibilización, a ACPP desenvolve proxectos e accións específicas encamiñadas a mellorar o coñecemento e a reflexión sobre a situación dos países do sur. Axuda de emerxencia. Principalmente e de xeito continuo en Palestina, debido as necesidades provocadas polo conflito con Israel e tamén no resto de países de intervención cando se dean situacións que precisen unha rápida resposta.

ASOCIACION ARELA

A asociación ten como misión o desenvolvemento integral da infancia e da mocidade de Galicia, en risco de exclusión, en situación de desprotección, ou en conflito social, fomentando iniciativas de intervención e prevención nestas situacións, de calidade e normalizadoras, cun compromiso continuo pola xustiza social, a través da implicación das persoas que a constitúen. Está constituída por 65 traballadores e traballadoras, 38 socios e socias e conta con dous equipos de traballo elixidos pola asemblea de socios e socias que se encargan da xestión diaria da entidade: xunta directiva e equipo directivo.

Ofrece

Leva a cabo os seguintes programas en Galicia



VITE_REDE

Servizo de Casas de Familia

Son recursos nos que conviven, en atención residencial, 8 nenos, nenas e*ou adolescentes cun equipo educativo formado por o menos, 4 educadoras e educadores e unha persoa de servizos. Trátase dun recurso de carácter temporal para os seus usuarios e usuarias, que residen aquí mentres se traballa coas súas familias para superar as situacións que provocaron o seu ingreso na Casa de Familia. Se esta vía non fose posible, traballárase para a consecución dun recurso familiar alternativo (acollemento e adopción) e/ou de cara a autonomía se non se consegue restablecer o seu dereito a vivir en familia.

ARELA conta con 6 casas de familia situadas en Vigo, Santiago de Compostela, O Barco de Valdeorras, Allariz e Monforte de Lemos.

Servizo de centros de atención de día integral.

Son centros nos que se traballa en atención diúrna con nenos, nenas e adolescentes en situación de risco social (de entre 3 a 18 anos) coa finalidade de modificar aquelas circunstancias familiares que xeran a situación de risco de xeito que se poida evitar o internamento residencial polo que, un pilar fundamental no traballo e a intervención familiar. Na actualidade ARELA conta con 2 centros de día en Galicia, en Santiago de Compostela (provincia da Coruña) e O Barco de Valdeorras (provincia de Ourense)

Servizo de centros de intervención educativa no medio aberto:

Son centros aos que deben acudir adolescentes ou mozos/as maiores de 14 anos para levar a cabo o cumprimento de medidas xudiciais no medio aberto dende unha perspectiva educativa. ARELA conta con dous centros desta tipoloxía en Vigo e Pontevedra.

KTORCE18 Programa de prevención de condutas infractoras.

Este programa pretende achegar a Lei 5/2000 Reguladora de Responsabilidade Penal dos Menores aos seus protagonistas (estudantes da ESO e ciclos) tratando de facelos conscientes mediante charlas interactivas nas que se fai un achegamento a súa realidade e que se valoran aquelas cuestións e situacións que poden ser obxecto de delito.

FARMAMUNDI

Farmacéuticos Mundi (Farmamundi) é unha ONG de cooperación ao desenvolvemento, acción humanitaria e de emerxencia con experiencia na promoción da saúde integral e a axuda farmacéutica a países menos favorecidos. Aínda que comezou a traballar en 1991 en Valencia (España) como asociación solidaria con distinto nome e ámbito de actuación, o 2 de xullo de 1993 constituíuse como ONGD, con sede social en Valencia. Na actualidade, somos a primeira organización non lucrativa do noso país especializada en subministración e axuda farmacéutica a organizacións humanitarias e países en desenvolvemento.



VITE_REDE

As actividades que se desenvolven no barrio de Vite;

Obradoiro Mulleres e saúde: tecendo redes pola equidade.

Club Xuvenil, coa colaboración de (voluntarias de Farmamundi), Club Vitemales "benestar físico, psicolóxico e social" para vinculalo co tema e metodoloxía propostos (saúde-equidade-expresión artística). Podedes dicirnos como veria des isto Teresa-Yovana, en lugar dunha presentación ao uso.

COOPERACIÓN INTERNACIONAL

Promove a participación da infancia no voluntariado para axudar aos que máis o necesitan, mediante un compromiso de servizo.

O proxecto artículase a través de formación, visitas e proxectos de voluntariado onde os alumnos, profesores e familias entran en contacto directo co mundo solidario a través de diversos ámbitos. leva a cabo nun programa que adoita facerse en espazos educativos nos que se traballa con contidos formativos e experiencias de vida que lles ensinen solidariedade, inclusión educativa e participación comprometida. Utilízanse distintos materiais como exposicións ou vídeos, e tamén testemuños, de maneira que o alumno pode coñecer unha realidade de maneira directa.

Algúns dos colexios que participan en Galicia son: IES Xelmírez II, Colexio San Jorge, IES Pontepedriña, Colexio San Pelayo, IES Otero Pedraio, Colexio Montecastelo, IES As Fontiñas, entre outros.

Xunto á axuda da Xunta de Galicia, Escola Solidaria busca, nos distintos colexios, un cambio na mentalidade social, facéndolles ver a importancia de implicarse e dar axuda a aqueles que máis o necesitan. Desta maneira poderán ver as consecuencias reais e positivas que poden chegar a facer as súas accións, porque unha mentalidade solidaria dos mozos de hoxe construíra unha sociedade mellor no futuro.

Numerosos nenos e nenas de Santiago de Compostela forman parte deste proxecto no que a educación é a protagonista. Apostamos pola igualdade de oportunidades para ofrecer un futuro mellor a todos os nenos. Un dos obxectivos é a mellora e axuda nos estudos de nenos e adolescentes. Os voluntarios que se comprometen con este proxecto dedican as tardes, de luns a venres, para prestarlles unha axuda cos deberes e facilitarlles a mellora do rendemento académico. Cada tarde, os escolares contan co apoio dun equipo de mozos coordinadores e voluntarios, que lles resollen dúbidas, ensínanlles a estudar... ofrecéndolles así o reforzo académico que necesitan. Pero, ademais das actividades de estudo, no Apoio, os nenos realizan distintos talleres: baile, experimentos, saídas culturais,



VITE_REDE

manualidades... nas que os menores poden desenvolver distintas capacidades e mellorar na súa relación cos demais. Todo iso enfocado a potenciar a súa formación integral, inculcándolles valores como o esforzo, a constancia, o traballo en equipo, ou o apoio ao que o necesita. O programa de “Apoio Socioeducativo” é toda unha aposta polo futuro dos nenos, desde a igualdade de oportunidades.

COLEXIO MAIOR XELMÍREZ

Actividade de apoio escolar levado a cabo por estudantes da residencia, con menores derivados desde os centros escolares de referencia no barrio de Vite. Actividade coordinada desde a dirección co Colexio Maior.

Dinamización Comunitaria. Descrición do Proxecto de actuacións Socio Comunitarias na area de influencia da Unidades de Traballo e Educación Social de Vite.

Os Servizos Sociais Comunitarios Básicos Municipais, seguindo os principios de descentralización e desconcentración establecidos na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e co gallo de estar máis próximos á cidadanía, conta cun Punto de Atención de Servizos Sociais ubicado na Casa das Asociacións de Benestar Social, sita na Rúa Manuel María 6, en Salgueiriños. Trátase dun equipamento municipal dende o cal se atenden as Unidades de Traballo e Educación Social (U.T.E.S.) de zona de Vite (01), segundo se aprecia no seguinte cadro:

Na programación e participación do proceso comunitario, a participación da veciñanza é un punto crave e os profesionais son tratan de crear momentos concretos e reais para a participación nas decisións que se tomarán en diante no barrio, é dicir o equipo técnico será o que se encargue de dar unha serie de pautas para a organización da poboación. Cabe destacar que a participación non ha de converterse como unha obrigaón persoal. Doutra banda, o factor tempo é un aspecto negativo no proceso comunitario posto que é un ben



VITE_REDE

escaso. Por iso, os horarios han de ser flexibles. Como outro punto importante destaca que, “todo proceso participativo ten que crear novas organizacións sociais”.

Vite Rede é un equipo formado por técnicas do PASS CABES, desde onde se establece a Dinamización e entidades participantes con máis de vinte anos de experiencia en diferentes campos da Intervención Social: intervención comunitaria, participación cidadá, xestión de conflitos, inserción sociolaboral, condución de grupos, intervención familiar, intervención e educación no tempo libre

Por outra banda, o Plan Comunitario de Vite e a Asociación de Veciños e Veciñas, ten ampla experiencia en crear e poñer en marcha procesos participativos e de desenvolvemento comunitario, o que supón un conxunto de experiencias e aprendizaxes, individuais e colectivos, que se poñen ao servizo da cooperativa para contribuír ao seu obxecto social.

Imaxe: Equipo de traballo Vite Rede



Fonte: Elaboración propia.

Vite Rede Dinamización e entidades participantes con máis de vinte anos de experiencia en diferentes campos da Intervención Social: intervención comunitaria, participación cidadá,



VITE_REDE

xestión de conflitos, inserción sociolaboral, condución de grupos, intervención familiar, intervención e educación no tempo libre

Por outra banda, o Plan Comunitario de Vite e a Asociación de Veciños e Veciñas, ten ampla experiencia en crear e poñer en marcha procesos participativos e de desenvolvemento comunitario, o que supón un conxunto de experiencias e aprendizaxes, individuais e colectivos, que se poñen ao servizo da cooperativa para contribuír ao seu obxecto socioeducativo.

III.- Análise das necesidades

A continuación ofrécese unha síntese das características de vivenda e/ou das persoas que residen en cada zona.

01 POLIGONO DE VITE

- Alto índice de persoas maiores que viven soas en vivendas con situación de deterioro, vivendas dos anos 70 con barreiras arquitectónicas.
- Significativo número de persoas en situación de dependencia
- Escaseza de recursos económicos, (pensións non contributivas)
- Escasa rede de apoio familiar e sociocomunitario, en relación a ao elevado índice de vulnerabilidade. Contase con apoios que prestan a nivel institucional.
- Elevado índice de desemprego.
- Presenza de menores en situación de elevado risco social, segundo o establecido no art. 49.b da mencionada Lei 3/2011 de apoio a familia
- Precariedade económica. escaseza de recursos para a cobertura de necesidades básicas. Dependencia nestes intres do apoio socioeconómico facilitado dende entidades de iniciativa social para cubrir a alimentación.
- Concorrenza de factores de exclusión social de acordo ao establecido no artigo 3.1. da Lei 10/2013 de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia: situación de desemprego+ déficits económicos+ outros (falta de habilidades sociais).



VITE_REDE

02 SALGUEIRIÑOS

- Escasa rede social de apoio; Conta co apoio que se lle poida prestar a nivel institucional.
- Significativo número de persoas de minoría étnica
- Precariedade económica. Situación de “desemprego, baixo nivel formativo, economía sumerxida, escaseza de recursos para a cobertura de necesidades básicas. Dependencia do apoio socioeconómico facilitado dende entidades de iniciativa social e institucional para cubrir as necesidades (comedor escolar, Rendas de Integración Social de Galicia, Axudas municipais para manutención, Programa Municipal de Garantía Básica Cidadá, etc).
- Vivenda pública do IGVS en réxime de aluguer, Con elevado endebedamento por parte das persoas inquilinas. Con Riscos de desafiuzamento.
- Concorrenza de factores de exclusión social de acordo ao establecido no artigo 3.1. da Lei 10/2013 de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia: situación de desemprego+ déficits económicos+ cargas familiares non compartidas + outros (falta de habilidades sociais).
- Presenza de menores en situación de elevado risco social, segundo o establecido no art. 49.b da mencionada Lei 3/2011 de apoio a familia.
- Presenza de persoas inmigrantes en situación de vulnerabilidade social.

03 A PULLEIRA

- Precariedade económica. Situación de “desemprego, baixo nivel formativo, economía sumerxida, escaseza de recursos para a cobertura de necesidades básicas. Dependencia do apoio socioeconómico facilitado dende entidades de iniciativa social e institucional para cubrir as necesidades (comedor escolar, Rendas de Integración Social de Galicia, Axudas municipais para manutención, Programa Municipal de Garantía Básica Cidadá, etc).
- Concorrenza de factores de exclusión social de acordo ao establecido no artigo 3.1. da Lei 10/2013 de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia: situación



VITE_REDE

de desemprego+ déficits económicos+ cargas familiares non compartidas + outros (falta de habilidades sociais).

04 MEIXONFRÍO

- Escasa rede social de apoio; Conta co apoio que se lle poida prestar a nivel institucional.
- Significativo número de persoas de minoría étnica en situación de vulnerabilidade social.
- Precariedade económica. Situación de “desemprego, baixo nivel formativo, economía soterrada, escaseza de recursos para a cobertura de necesidades básicas. Dependencia do apoio socioeconómico facilitado dende entidades de iniciativa social e institucional para cubrir as necesidades (comedor escolar, Rendas de Integración Social de Galicia, Axudas municipais para manutención, Programa Municipal de Garantía Básica Cidadá, etc).
- Vivenda pública do IGVS en réxime de aluguer, Con elevado endebedamento por parte das persoas inquilinas. Con riscos de desafiuzamento.
- Concorrenza de factores de exclusión social de acordo ao establecido no artigo 3.1. da Lei 10/2013 de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia: situación de desemprego+ déficits económicos+ cargas familiares non compartidas + outros (falta de habilidades sociais).
- Presenza de menor en situación de elevado risco social, segundo o establecido no art. 49.b da mencionada Lei 3/2011 de apoio a familia.

07 MALLOU

- Precariedade económica. Situación de “desemprego, baixo nivel formativo, economía soterrada, escaseza de recursos para a cobertura de necesidades básicas. Dependencia do apoio socioeconómico facilitado dende entidades de iniciativa social e institucional para cubrir as necesidades (comedor escolar,



VITE_REDE

Rendas de Integración Social de Galicia, Axudas municipais para manutención, Programa Municipal de Garantía Básica Cidadá, etc.).

- Concorrenza de factores de exclusión social de acordo ao establecido no artigo 3.1. da Lei 10/2013 de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia: situación de desemprego+ déficits económicos
- Presenza de persoas inmigrantes, con menores a cargo en situación de vulnerabilidade social.

III.1.- Detección de necesidades por ámbitos

As necesidades detectadas na area de influencia da UTES Vite son as seguintes:

- ✓ Incremento de persoas estranxeiras en situación administrativa irregular asentadas no barrio, demandantes de prestacións de carácter económicas, cuns niveis formativos elevados que non poden acreditar dado a carencia de documentación do seu país de orixe. Importante grao de desarraigo familiar. Presencia de factores de risco social. Necesidade de programas específicos, tanto para a detección de casos, como para a intervención social que corresponda.
- ✓ Incremento de familias que, contando cuns ingresos mínimos, presentan graves dificultades para a cobertura de necesidades básicas (alimentos e pago de vivenda).
- ✓ Incremento notable das situacións de riscos por desafiuamento de vivenda en alugueiro.
- ✓ Necesidade de xerar alternativas ao fracaso escolar: programa de apoio/reforzo educativo. Necesidade de continuación do proxecto de intervención en absentismo escolar, co obxecto de que “se interiorice” a conveniencia da escolarización para o desenvolvemento vital dos menores, pero que se mellore, tamén, o rendemento académico.



VITE_REDE

- ✓ Necesidade de implementar novamente o programa municipal de educación de rúa: actuacións de prevención dende o tempo de lecer
- ✓ Situacións de vulnerabilidade na que se atopa o colectivo de adolescentes e xuvenil (con franxas de idade entre os 16 e os 25 anos); falta de oferta de actividades formativas e ocupacionais que propicien a inserción laboral.
- ✓ Necesidade de activación dos grupos de voluntariado social, determinando funcións a desempeñar, accións, etc
- ✓ Detección dun importante número de persoas maiores que residen soas, en situación de risco social, que require da activación de recursos: axuda a domicilio, teleasistencia..
- ✓ Identificación dun importante número de persoas en situación de dependencia, con tendencia á alza (dadas as características do barrio: accesibilidade, apoio familiar na zona, etc.), que esixe unha maior dotación de recursos sociais (teleasistencia domiciliaria, axuda no fogar), un seguimento e unha coordinación sociosanitaria, de acordo ao establecido na lexislación vixente.
- ✓ Limitada oferta lúdica destinada aos nosos maiores.
- ✓ Presenza dun número elevado de familias pertencentes á etnia xitana, demandantes de prestacións económicas pese a estar a percibir o Ingreso Mínimo Vital.
- ✓ Necesidade de fortalecer da implicación da Policía de Distrito no eido comunitario. En febreiro de 2022 acordouse unha nova distribución competencial da policía local na que asignarían dispositivos aos barrios da cidade.



VITE_REDE

- ✓ Necesidade de estimular e reforzar o tecido asociativo do barrio, sobre todo en canto á participación cidadá do contorno veciñal e do ámbito xuvenil, incidindo neste último caso na ocupación positiva do tempo de mecer e na prevención de conductas sociais no seo da comunidade.
- ✓ Persistencia de conflitos intrafamiliares e comunitarios, que aconsellan a implementación de programas socioeducativos coas familias que aborden aspectos tales a estruturación familias, a dinámica relacional interna e externa, a organización, a administración do presuposto, o desempeño adecuado de roles, etc. Así como procesos de mediación.
- ✓ Necesidade de creas Espazos Seguros para a Infancia. Os Espazos Seguros brindan un refuxio físico e emocional para os nenos e nenas afectados por situacións de vulnerabilidade. Son lugares onde os nenos e nenas poden sentirse seguros e protexidos do caos e a inseguridade que a miúdo prevalecen en contornas de crises.
- ✓ Necesidade de creación de espazos de xogo e recreación: Estes espazos deben estar deseñados para permitir que os nenos e nenas xoguen e participen en actividades recreativas. O xogo é unha parte fundamental do desenvolvemento infantil e pode axudalos a procesar experiencias traumáticas, expresar emocións e restablecer un sentido de normalidade.
- ✓ Apoio Psicosocial: O persoal de apoio psicosocial está presente nos Espazos Seguros para ofrecer orientación e axuda emocional aos nenos e nenas.

Por sectores de poboación, as necesidades detectadas son as seguintes:

Infancia e xuventude



VITE_REDE

Os Espazos Seguros proporcionan unha contorna no que os nenos e nenas poden estar de maneira segura, permitindo que os pais ou cuidadores ocúpense doutras necesidades urxentes ou participen en actividades de recuperación. Estes espazos son esenciais para axudar aos nenos e nenas a protexer o seu benestar xeral en situacións de vulnerabilidade.

Nos ámbitos da infancia e da mocidade detéctanse as seguintes necesidades:

1. Prevención do absentismo escolar.
2. Prevención de conductas asociais.
3. Alternativas as expulsións: aulas de convivencia
4. Apoio escolar
5. Lecer educativo
6. Educación de rúa
7. Creación de espazos seguros favorecedores para o traballo coa infancia.
8. Centro de día

Persoas maiores

Para as persoas maiores detéctanse as seguintes necesidades:

1. Acceso a novas tecnoloxías: Tecnoloxías da información e comunicación: solicitude de citas previa, chave 365, seguimento expediente electrónico, tramitación de solicitudes, manexo de telefonía, información e orientación sobre prestacións e recursos: dependencia, axuda no fogar
2. Acompañamento a persoas maiores que viven soas: medicación / automedicación, documentos instrucións previas, prevención de risco no fogar,....
3. Actividades de intercambio xeracional e intercambio de experiencias vitais para evitar procesos de soidade e illamento, dende unha óptica interxeneracional e intercultural.
4. Centro de día
5. Horas suficientes de atención de proximidade: Servizos de Axuda no fogar, Teleasistencia, Comedor sobre rodas.

Para persoas inmigrantes:



VITE_REDE

1. Apoio para a regularización administrativa.
2. Información e orientación sobre recursos sociais
3. Dinamización e participación comunitaria: visibilización e convivencia positiva.

No ámbito da Vivenda

Identificación de posibles situacións de desafiuzamento.

1. Apoio no afrontamento de desafiuzamentos: información e orientación
2. Prevención de desafiuzamentos

III.2.- Diagnóstico social

No ámbito territorial da UTS Vite residen 12.387 persoas, que equivale a dicir o 12,37 % da poboación de dereito de Santiago de Compostela. Indicar que experimentou unha lixeira alza de poboación con respecto ao ano anterior analizado (2022).

Trátase dun barrio envellecido, con tendencia a selo mais, no que o 23,53 % da súa poboación ten unha idade igual ou superior aos 65 anos; sen embargo, si este dato se analiza con respecto á totalidade da poboación de dereito do municipio, a porcentaxe de persoas maiores ascende ao 2,91 % da totalidade dos habitantes en Santiago de Compostela. Non obstante, si a perspectiva é outra, podemos indicar que o 12,20 % da poboación maior de Compostela ten fixada a súa residencia nesta zona territorial.

Aínda que sexa un barrio envellecido, ao mesmo tempo, se pode dicir que é unha das zonas de Santiago de Compostela onde mais menores de idade residen, que representan o 15,69 % da súa propia poboación e o 1,94 % con respecto á totalidade das veciñas e veciños de Santiago de Compostela. Isto está influenciado polo número de familias que se incorporaron a esta zona nas recentes vivendas de promoción pública (Manuel María, Salgueiriños de Abaixo, Salgueiriños de Arriba). Fontes técnicas municipais sinalan que existe un contraste neste ámbito territorial, mais envellecido no polígono de Vite.

A Poboación mais novo esta situada nas vivendas situadas en Manuel María, de aí ese contraste poboacional.

Importante presenza de familias pertencentes á etnia xitana: 310 persoas, que equivale a dicir o 33,62 % das persoas xitanas con residencia en Santiago de Compostela.



VITE_REDE

Hábitat concentrado. Importante dotación de vivendas de promoción pública. Dotado de equipamentos e servizos básicos. Boas comunicacións.

Un número moi importante de persoas residentes neste ámbito territorial teñen aberto expediente social básico no Departamento municipal de Servizos Sociais; o aplicativo XIESS indica que 2.386 persoas desta zona foron usuarias dos Servizos Sociais ao longo do ano 2023, o que equivale a dicir o 19,26 % dos seus habitantes**

Fonte: memoria de servizos sociais 2023**

III.3.- Mapa de risco social


Dende o ámbito dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos resulta de interese a configuración dun “mapa de risco social*7”, co obxecto de determinar “puntos caracterizados por unha maior vulnerabilidade social”; por isto, é convinte ter presente ás persoas maiores que residen soas , a aquelas afectadas por distintos graos de dependencia, a outras doutras nacionalidades ou doutras minorías étnicas, por si presentan dificultades para a vida comunitaria. Analicemos, entón, cada un destes colectivos.

Obxectivo: Detectar situacións de risco social e ou vulnerabilidade social para o desenvolvemento de actuacións de carácter preventivo e de promoción social.

* Trátase de visualizar nun mapa “os puntos vulnerables” da comunidade, aspectos que deben ser correlacionados coa dotación de recursos sociais existentes, co obxecto de correlacionar necesidades-recursos, e establecer “lagunas” para encauzar novos proxectos de intervención.



VITE_REDE



Neste diagnóstico ofrécense datos xerais da poboación da zona de Vite. Estes datos analízanse tendo presente a estruturación da zona por barrios; esta é a base recollida na organización da Unidade de Traballo Social de Vite , pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela (Trameiro 2022). Esta divídese en cinco zonas:

1. **SALGUEIRIÑOS-MEIXONFRIO:** Trátase dunha das zonas de Santiago de Compostela onde mais menores de idade residen. Representan o 15,69 % da poboación da zona e o 1,94 % con respecto á totalidade da poboación municipal.
2. **BARRIO DE VITE -GUADALUPE:** Existencia de persoas maiores que viven soas (17,77 % da poboación total da zona)
3. **VISTA ALEGRE-ROMAÑO.** Persoas en situación de dependencia



VITE_REDE

4. **POLIGONO DO TAMBRE:** Zona eminentemente industrial.
5. **ALMÁCIGA:** Déficits na dinámica relacional intrafamiliar e interfamiliar. Conflitos no eido comunitario

Por último, para poder continuar é necesario seguir afrontando as necesidades presentes e futuras. Para isto, é importante o traballo e apoio das entidades, grupos e proxectos que forman parte do territorio. É importante tamén poñer en relación aos diferentes centros entre si e coa veciñanza do barrio.

IV. O Servizo de Educación e Apoio Familiar

No barrio de Vite o Servizo de Educación e Apoio Familiar ten por Obxecto principal proporcionar ás familias e menores, en situacións de maior vulnerabilidade e risco social, o apoio necesario para o desenvolvemento das súas obrigas e tarefas cotiás, previndo o risco ao que poidan estar expostos, realizando accións de apoio e promoción, ademais da escolarización, así como como desenvolver actividades de prevención, formación e difusión.

O servizo vai dirixido ás Familias e fillos dependentes con necesidades de apoio socioeducativo que residen no termo municipal de Santiago de Compostela e teñen por referencia o PASS CABES e Rural Norte.

O Servizo concíbese como un servizo educativo e psicosocial de prevención e apoio personalizado, dirixido ás familias -especialmente a aquelas que se atopan nunha situación de vulnerabilidade- e a toda a comunidade.

Ten como finalidade a promoción da autonomía familiar, o desenvolvemento integral das súas potencialidades e a súa participación activa como protagonistas do seu cambio, a partir dun proceso co-construído coas familias, as/os profesionais e os axentes da comunidade.



VITE_REDE

Desde o Programa Socioeducativo, traballouse cun total de 240 menores no ano 2023 pertencentes a un total de familias 140 en situación de risco social. Tamén se levou a cabo un apoio a 18 xoves maiores de idade.

A intervención familiar levase a cabo con dous niveis de intensidade:

- Familias con Proxecto Socioeducativo
- Familias con Apoio en situación Puntuais.

As persoas e familias son derivadas na súa maior parte pola traballadora social de zona ao programa socioeducativo, desde os centros escolares de referencia da zona e dende o centro de saúde. Observase que se consolida a tendencia en casos derivados desde a rede comunitaria Vite Rede.

Beneficiarios de beca comedor PASS CABES por escaseza de recursos: 120 menores


MENORES QUE ASISTEN A COMEDOR ESCOLAR: 120 menores

Na seguinte gráfica relacionase os centros escolares a seguimento con participantes en bolsas de comedor escolar:

Gráfica: centros escolares a seguimento con participantes en bolsas de comedor escolar.



VITE_REDE



Fonte: Elaboración propia SEAF, 2024.

O traballo desde o Servizo de Educación e Apoio Familiar (SEAF) consiste en facilitar Información e orientación as familias sobre as normas de funcionamento, prazos, convocatorias, correcta xustificación de faltas de asistencia.

Apoio na solicitude e prazos de solventación de documentación se fose o caso.

Seguimento da participación no recurso de bolsa de comedor (sobre todo naqueles casos nos que a asistencia non é regular ou existen faltas sen xustificar) A través de chamadas telefónicas ou entrevistas.

Durante este curso escolar realizase un traballo de seguimento coas familias con bolsa de comedor por escaseza de recursos advérteselles de que é un recurso necesario en moitos casos atendendo a situación de vulnerabilidade, e indícanse os pasos a seguir para realizar a baixa correcta do recurso en caso de querer definitivamente darse de baixa do mesmo.

Intervención en centros educativos:

Os centros escolares cos que se mantén coordinación son:

- CEIP Vite
- CEIP Casas Novoa
- CEIP López Ferreiro
- CEIP Monte dos Postes



VITE_REDE

- CEIP Apóstolo Santiago
- CEIP Nuestra Señora de los Remedios
- CEIP Divino Maestro
- CEIP Raíña Fabiola
- Casa do Neno
- CIFP Compostela
- Centro E. E. López Navalón
- CEIP Labacolla
- IES Sar
- IES Pontepedriña
- IES Xelmírez II
- IES Xelmírez I
- Escola Infantil Vite
- Escola Infantil Meixonfrío
- Escola Infantil do Tambre
- Escola Infantil San Roque

Gráfica: Seguimento da escolarización nos centros educativos



Fonte: Elaboración propia SEAF, 2024.

Durante este curso escolar trabállase coordinadamente e de xeito intensivo cos centros educativos CEIP de Vite, CEIP López Ferreiro e Nosa Señora dos Remedios especialmente de cara a favorecer o acceso os materiais e axeitado seguimento en este período de familias en situación de especial vulnerabilidade; un total de 47 familias.

Na coordinación cos centros escolares realizase unha intervención conxunta, de cara a previr situación de absentismo escolar, mellorar a relación da familia co centro escolar, cubrir necesidades de apoio escolar, garantir a asistencia escolar, o cumprimento das



VITE_REDE

normas escolares, a área da saúde, a prevención do absentismo escolar, así como as problemáticas específicas con tratamento en unidades de saúde mental infantil.

Recibíronse un total de 5 protocolos de absentismo escolar o longo do curso anterior. Destes, en 4 dos casos logrouse solventar a situación de absentismo escolar tras unha intervención conxunta co centro escolar e apoio da Rede Comunitaria. O caso restante foi comunicado a Fiscalía de Menores de A Coruña.

Nestes últimos anos están a xurdir dificultades para que os menores participen de xeito regular en entidades de apoio escolar do barrio. Aspectos que se traballan conxuntamente cos centros escolares.

Nos casos de menores con idades de 3 a 6 anos (Educación infantil) que non están escolarizados por decisión das familias, infórmase a estas das consecuencias futuras na correcta escolarización dos menores.

Imaxe: PASS CABES



Fonte: Elaboración Propia

V. Actuacións Técnicas realizadas dende os Servizos Sociais.

Traballase mediante citas periódicas coas familias conveniencia de atender correctamente as necesidades educativas dos menores. Incídese especialmente na evolución a nivel de desenvolvemento causado pola non escolarización temperá.

Fase de concienciación. Durante o curso escolar realízanse intervencións conxuntas coa UACO, para previr situacións de abandono escolar en caro casos. Solventáronse as



VITE_REDE

situacións en tres dos catro casos. O caso restante foi comunicado ao Equipo técnico do Menor .

Dificultades de relación familia escola, en catro casos mantivéronse xuntanzas en CEIP conxuntamente con mestres, conxuntamente coa UACO departamento de Orientación para favorecer a relación entre familia-escola.

Os centros de saúde e sanitarios cos que se realiza coordinación durante este ano 2023 Centro Saúde Vite, Fontiñas, Galeras, Concepción Arenal. UMAD, UTA CHUS, saúde mental infantil, Hospital Provincial de Conxo, Hospital Gil Casares, Unidade de Atención Temperá.

Os temas abordados foron: seguimentos sanitarios, abordaxe conxunta de casos, citas médicas, petición de informes aos usuarios, derivación a servizos de saúde, xestión de citas médicas, Coordinación e avaliación conxunta

Nº de menores aos que se tivo que poñer en coñecemento a súa situación ao Equipo Técnico de Menores. Resultados acadados por menor: Realizáronse un total de 35 informes ante o ETM, comunicando situacións de elevado risco, absentismo continuado, desafuzamentos, propostas de acollemento en familia extensa, e resposta a petición de informe.

Os resultados foron que en dúas ocasións foron derivados a Programa de Apoio familiar de Meniños, en outro caso a Unidade de Venres Clínicos da USC. En dous caso formalizase acollemento en familia extensa.

Número de menores tutelados foi de 6 fronte o número de menores en situación de risco 142 en situación de intervención.

Son un total de 16 menores acollidos en familia extensa, o acollemento é remunerado.

Tres menores participan do Programa de Apoio Familiar de Meniños.

catro menores no programan de apoio perinatal de Meniños.

Dous menores no CIENMA con medidas xudiciais.

Dous menores en Aldeas Infantís

Tres menores continúan na Unidade da USC, Venres Clínicos da USC.

O número de menores derivados a actividades de lecer e apoio escolar foi de 81, as entidades as que se derivou foron:


- Cruz Vermella, 9
- Cáritas (Aulas), 15
- Don Bosco,7
- Cooperación Internacional, 25



VITE_REDE

- Secretariado Xitano, 4
- Igaxes (Competencias familiares)- 8
- Plan Comunitario de Vite. 112
- Proxecto FAIN, Arela: 12
- Apoio escolar en Colexio Maior Xelmírez: 12

Gráfica: Menores derivados a actividades de lecer e apoio escolar durante o curso escolar



Fonte: Elaboracion propia SEAF

Dende o programa socioeducativo abránguense actividades de carácter grupal para consecución de obxectivos en cada un dos proxectos levados a cabo:

- Organización pleno infantil Municipal
- Actividade de información sobre manexo de tecnoloxías
- Actividades co alumnado da USC, facultade de ciencias da educación
- Participación no deseño do Módulo de Infancia e Familia en HSUE co Equipo do AMTEGA
- Sesión formativa de axudas alugueiro
- Actividades Comunitarias Proxecto Saúde Comunitaria Vite
- Programa comunitario barrio de vite rede
- Actividades de conciliación en períodos estivais



VITE_REDE

VI.- Programa de intervención comunitaria: liñas de actuación

Desde o Programa de Intervención comunitaria lévanse a cabo diferentes actuacións como; proxectos de intervención comunitaria, procesos participativos, e procesos de dinamización,

En canto á metodoloxía de intervención nos plans comunitarios, é demostra a súa similitude coas fases habituais nos procesos de intervención socioeducativa doutros ámbitos sociais, que son:

1. Diagnóstico da realidade social, que identifica as necesidades e establece diferentes previsións, conceptualizadas en forma de cronogramas en función das alternativas a considerar.
2. Execución de programas, deseñados en función de obxectivos clave, recursos dispoñibles, articulación con outras accións e un calendario de desenvolvemento.
3. Avaliación de resultados, que nos permita comprender e valorar o acontecido, o consecución de obxectivos e a reformulación de propostas e intervencións que permitir a mellora e optimización dos programas, e a continuidade dos proceso de desenvolvemento comunitario.

O **traballo en rede** consiste nun traballo sistemático de colaboración e complementariedade entre os recursos dun determinado ámbito territorial. Vai máis alá do intercambio de información, xa que iso implica a articulación e participación dunha mesma comunidade de forma continuada, para responsabilizarse o cambio de si mesma.

Podemos dicir que o noso traballo baséase nunha intervención centrada na persoa, o seu contexto, que aborda de forma integral, que teña en conta a súa contorna e busque darlle



VITE_REDE

o maior protagonismo no seu proceso de mellora, promovendo o maior grao de autonomía posible.

Imaxe: Aniversario do Plan Comunitario do Barrio de Vite



Fonte: Elaboración propia



Imaxe: Actividade coas familias en CABES

Fonte: Elaboración propia



VITE_REDE

As entidades que conforman a rede comunitaria de Vite son:

- CEIP VITE
- IES ARZOBISPO XELMÍREZ II
- CEIP ARQUITECTO CASAS NOVOA
- CEIP LÓPEZ FERREIRO
- ESCOLA INFANTIL DE VITE
- AAVV ALVARO CUNQUEIRO
- AMPA CEIP VITE
- AMPA XELMIREZ II
- UACO
- CLUB DE FUTBOL VISTA ALEGRE
- CENTRO DE SAÚDE DE VITE
- CENTRO SOCIAL JOSÉ SARAMAGO, VITE
- PLAN COMUNITARIO DE VITE
- PASS CABES, CONCELLO DE SANTIAGO
- UMAD, CONCELLO DE SANTIAGO
- CRUZ VERMELLA
- FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO
- ARELA, CENTRO DE DÍA
- CÁRITAS INTERPARROQUIAL
- FARMAMUNDI
- ESCOLA INFANTÍL MEIXONFRÍO
- COOPERACIÓN INTERNACIONAL
- GRUPO SCOUTS SAN
- IGAXES3
- ASDEGAL
- PLATAFORMA POLO EMPREGO
- COLEXIO MAIOR XELMÍREZ
- ASAMBLEA DE COOPERACIÓN POLA PAZ

Os proxectos de intervención comunitaria, procesos participativos, e procesos de dinamización Vite.-Rede



VITE_REDE

Imaxe: Sesión de traballo dos Grupos de traballo Vite-Rede



Fonte: Elaboración Propia

Xuntanzas coas entidades que forman parte de Vite Rede para fixar os obxectivos e contidos, valorar os acordos obtidos e posta en común de actividades a realizar polas entidades integrantes da rede. Estas xuntanzas desenvólvense no CSC José Saramago de Vite de xeito bimensual.

Xuntanzas sectoriais mensuais cos centros educativos de referencia da zona conxuntas con entidades que están a traballar coa infancia, Traballo en Rede no ámbito da Infancia. Estas xuntanzas desenvólvense no **CEIP de Vite, IES Arcebispo Xelmírez II** alternativamente, contan coa presenza das Orientadoras de cada centro e os directores dos mesmos. Existe unha importante demanda no IES Arcebispo Xelmírez II e no CEIP de vite, de apoio, actualmente estamos traballando en torno a menores pertencentes a 95 unidades familiares en situación de elevada vulnerabilidade social.

Proxecto de Prevención e Actuacións conxuntas no absentismo escolar. IES Arcebispo Xelmírez II, CEIP Vite, Departamento de Servizos Sociais da Concellaría de Políticas Sociais do Concello de Santiago de Compostela. O pasado curso escolar continua o descenso en canto a protocolos emitidos, sendo unicamente catro. Entre ambos centros.



VITE_REDE

Destacar que se está a realizar unha labor de prevención nos propios centros escolares. Contando co apoio das entidades que forman parte de Vite Rede.

Proxecto de Alternativas a Expulsión; Conxuntamente co IES Xelmírez II e o Plan Comunitario de Vite realizase este proxecto integrador, centrándose nos menores conflictivos da mesma que estean matriculados no cursos entre 1º e 4º de Educación Secundaria. Pretendemos desenvolver actividades e obradoiros educativos, dando unha alternativa pedagóxica a estes menores conflictivos cuxo comportamento impida o bo funcionamento da clase, ou que incumpran a normativa da centro, tratando de evitar a expulsión xa que non consideramos que sexa unha solución ao problema, pero é o xeito máis rápido e radical. Tendo en conta que, sen buscar e adaptar unha solución a En cada caso estas condutas persistirán, con esta proposta buscamos evitar a reincidencia destes problemas.

Cando o equipo directivo tome a decisión de expulsar o menor do centro, o menor, a maioría dos casos, esta medida enténdese como vacacións, regresando ao centro igual ou con peor comportamento, a idea do proxecto é poder seguir traballando con estes estudantes conflictivos, aínda que fosen expulsados do centro.

Proxecto de acompañamento a persoas maiores que viven soas: En colaboración co Plan Comunitario de Vite, a UTE Norte, pretendes mellorar a calidade de vida das persoas destinatarias a través do acompañamento, de persoas voluntarias, en tarefas como: ir a comprar, ir ao médico, pasear, ir a actividades, etc., permitindo a súa mellor inclusión na vida comunitaria e un maior coñecemento das súas necesidades.

Proxecto de Acceso a Recursos para Inmigrantes: Mediante a exposición dos diferentes momentos nos que se encontra a persoa inmigrante ao chegar á localidade, pretendese guiar as persoas explicando detalladamente os diferentes procedementos que deberan



VITE_REDE

seguir pasar para poder pedir axudas económicas, alimentos, tramitar a tarxeta sanitaria, abrir unha conta bancaria ou os diferentes recursos municipais aos que poden acceder.

Imaxe: folleto informativo sobre os Servizos de Vite



Fonte: Elaboración propia

Derivacións e seguimento de participación en actividades deportivas: En Coordinación coa AMPA do CEIP Vite e o Clube de Fútbol Vista Alegre, realízanse derivacións de menores en situación de vulnerabilidade con acceso a equipacións e participación de actividades, derivacións valoradas conxuntamente con Plan Comunitario de Vite.

Escola de pais, IES Arcebispo Xelmírez II, Concello de Santiago de Compostela, levada a cabo pola Coordinadora de Barrio Vite. Traballase desde a perspectiva da Prevención e facilitación de habilidades parentais.



VITE_REDE



Fonte: Elaboración propia

Participación na Campaña de recollida e entrega de xoguetes en Nadal, levada a cabo pola Coordinadora de Barrio de Vite. Este ano incrementouse o número de familias que percibiron e doaron xoguetes, chegouse a un total de 102 unidades familiares, os que pertencían os 170 menores e 45 adolescentes que participaron da iniciativa.

Participación no Acto inauguración e clausura programa de Envellecemento Activo saudable, Centro de Saúde de Vite, Coordinadora de Barrio.

Imaxe: Centro de Saúde de Vite



Fonte: Elaboración propia.



VITE_REDE

Distribución de Guías de Recursos e mapas de Barrio de Vite Concello de Santiago de Compostela. *Portada de Guía de recursos do barrio de Vite.*



Imaxe: Portada da Guía de Servizos no Barrio de Vite.

Fonte: Elaboración Propia

Participación no Grupo VITE ARQUIVA co obxecto de definir como pór en valor e difundir a interesante traxectoria do barrio de Vite, visibilizar a súa historia e realización nas últimas décadas e rendabilizar socialmente a difusión deste traballo. En Vite, proxectos como unha escola de adultos, aulas de apoio para estudantes do barrio, festas ecolóxicas, as famosas Olimpíadas deportivas, colonias de verán, recollida e distribución de xoguetes, cine ao aire libre, un obradoiro ocupacional, un traballo exitoso disco-light para promover o lecer saudable e saudable, publicouse a colaboración con estudantes universitarios e profesores que apoiaron, e incluso xornal de barrio. Todo iso, e máis iniciativas, ademais de premios que recibiron ou galardóns que tamén concederon, e nomes e historias que seguen moi vivas, **memoria que queren archivar**, de xeito que sirva para fortalecer o futuro.


Imaxe: Vite Arquiva.



Fonte: Elaboración propia



VITE_REDE



Participación no Proxecto de Aprendizaxe-Servizo “Saúde biopsicosocial, inclusión e vulnerabilidade”, traballase a promoción da saúde desde a entidade Farmamundi desde unha perspectiva de Dereitos Humanos, e realizamos un mapeo e identificación de activos de saúde no barrio.

Neste proceso involucrámonos diferentes persoas e axentes, educadoras e traballadoras sociais de Vite, das entidades sociais con presenza no barrio, de Vite en Rede.

“**Clube Xuvenil**” nace da experiencia vivida referida, xa que durante o curso 2021/2022 identificamos conxuntamente a realidade social do barrio e as situacións específicas. Isto coa finalidade de conformar un grupo piloto de poboación adolescente co que desenvolver un acompañamento formativo e psicolóxico cos mozos e mozas que poidan encontrarse nunha situación de vulnerabilidade. Mantéñense xuntanzas no CSC Vite de xeito mensual.

Elaboración do Informe-diagnose sobre a realidade social do barrio de Vite, identificando os retos necesidades por parte de entidades sociais (Vite Rede). En sesión semanas, identifícanse unha serie de necesidades e retos existentes no barrio de Vite, clasificados en función de diferentes grupos poboacionais usuarios/as dos servizos sociais barrio.



VITE_REDE

Merendas con maxia, actividade para familias consistente na degustación dunha merenda e un espectáculo de maxia que tivo lugar no CSC Vite o pasado mes de novembro de 2023, organizado en colaboración con ASDEGAL. Contando con 15 familias participantes.

Aprende a solicitar citas desde o teu teléfono: Actividade realizada co obxecto de favorecer a alfabetización dixital das persoas participantes, conxuntamente co Plan Comunitario de Vite. Contando con un total de 25 participantes.

Imaxe: Cartel da actividade “Aprende a pedir citas desde tu teléfono”



Fonte: Elaboración propia

Participación no Programa de Dinamización de Redes Comunitarias no Barrio de Vite (Santiago de Compostela): “VITEnredadas” Creáronse 3 liñas de actuación: A primeira das liñas, consistía en recuperar a iniciativa da publicación dun Xornal denominado “Currículum Vite” que xa se levara a cabo nun pasado. O seu obxectivo era que a propia cidadanía fose quen de participar en todo o seu proceso e garantir a accesibilidade á información da poboación do barrio distribuída en diferentes seccións temáticas. A segunda, baseábase no fortalecemento comunicativo e o logro da rutinización das reunións nas que primase a participación activa dos e das integrantes de Vite-Rede mediante o uso de espazos dixitais. E a terceira, dividíase en catro iniciativas nas que se utilizarán os recursos informáticos dos que se dispoñen nos centros escolares da zona: “Apoíándonos entre libros



VITE_REDE

e ocio”, dirixida a menores en período de escolarización obrigatoria en situación de vulnerabilidade coa fin de promover o reforzo educativo e experiencias de ocio, empregando como eixe transversal a xestión emocional, dentro dos centros escolares e en espazos abertos en coordinación cun grupo de voluntariado; “Tecnoloxías compartidas”, destinada a familias con escasos recursos tecnolóxicos e ás persoas maiores para potenciar e facer uso/aproveitamento dos espazos e recursos tecnolóxicos (aulas de tecnoloxía, ordenadores...); “Informática inicial para as crianzas”, coa finalidade de lograr a alfabetización dixital en nenos/as de 6 a 14 anos en colaboración coa Asociación Xuvenil de Vite; e “Taller sobre as TIC para maiores”, actividade cunha perspectiva interxeracional na que participaría a asociación previamente citada e cuxo propósito é a formación en TIC das persoas maiores.

Un dos últimos pasos é a avaliación, que neste tipo de proxectos dáse continuamente ao longo de todo o proceso, a medida que avanza o proceso existe unha continua avaliación, xa que o proxecto é cambiante e pode variar e xurdir diferentes aspectos conforme se vaia desenvolvendo. O instrumento de avaliación que se pode utilizar o proceso é a reunión, aínda que en función de cada momento pódense utilizar diferentes instrumentos.

A avaliación cos diferentes axentes que forman parte do proceso dá lugar a que xurdan novas reconsideracións, o que fai que o proceso se alimente así mesmo. Ao principio, non se coñece cal vai ser o final, xa que o proxecto vai continuando e vaise alongando.

Por último, para poder continuar é necesario seguir potenciando as fortalezas detectadas e extraídas durante este proceso, para que se poida seguir afrontando as necesidades presentes e futuras. Para isto, é importante o traballo e apoio ás entidades, grupos e proxectos que forman parte do territorio. É importante tamén poñer en relación aos diferentes centros entre si. Tamén é importante continuar coas explicacións aos veciños do barrio destacando os puntos fortes, a maneira en como se uniron e realizaron todo o traballo do proceso e porque se detectaron esas.



VITE_REDE

Imaxe: Grupos de traballo Vite-Rede no Centro Sociocultural de Vite

